

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE DEFENSA

4781 *Real decreto 339/2015, do 30 de abril, polo que se ordenan as ensinanzas de perfeccionamento e de altos estudos da defensa nacional.*

As Forzas Armadas vense necesitadas dunha maior flexibilidade á hora de enfrontarse aos novos riscos e ameazas que se producen nun mundo globalizado, onde a actuación en escenarios complexos e xeográficos distantes e a exigencia de resolver problemas innovadores son retos que deben afrontar cunha ampla formación dos seus membros. Para xeralmente xa non poden depender exclusivamente da experiencia e capacidades internas, senón que necesitan acudir a diferentes fontes para obter os coñecementos necesarios para a súa actuación.

Así mesmo, as Forzas Armadas constitúen unha organización heteroxénea, sofisticada e dinámica na cal se incardinan múltiples e diferenciados campos de actividade, polo que é preciso que a formación adquirida en cada un deles transcenda o nivel individual e se difunda por toda a organización. Por iso, é esencial potenciar o concepto de xestión do coñecemento de modo que contribúa a actualizar, enriquecer e mellorar a propia organización.

Unha vez adquirida a condición de militar profesional, a formación continua, no que ao ensino nas Forzas Armadas se refire, lévase a cabo mediante o ensino de perfeccionamento e o de altos estudos da defensa nacional. A integración no sistema educativo xeral das ensinanzas mencionadas debe ser un factor engadido de motivación para todos os seus compoñentes, pois representa un ingrediente máis de visibilidade da súa formación e un recoñecemento do esforzo levado a cabo por cada un deles.

Por conseguinte, faise preciso, de acordo cos artigos 43, 48 e 75 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, desenvolver o ensino de perfeccionamento concibíndoo sobre a base dun deseño de traxectoria profesional para os membros das Forzas Armadas que, nun tramo inicial, eminentemente operativo, permita a adquisición de novas capacidades en áreas de actividade que complementen as obtidas no ensino de formación impartido nas academias militares. Posteriormente accederase a un segundo tramo de traxectoria, máis aberto e versátil, que atenda outro conxunto de necesidades e de perfís como os que require unha organización ampla e complexa.

A política de defensa debe contar co máximo apoio social e lexislativo para que sexa unha auténtica política de Estado, que concite a plena identificación da sociedade coas súas Forzas Armadas, asumindo os asuntos relacionados coa seguridade e defensa como propios, circunstancia que resulta imprescindible para que o labor das nosas Forzas Armadas se poida realizar co necesario apoio e adecuado recoñecemento.

Para iso faise necesario regular, de acordo cos artigos 43 e 49.1 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, os altos estudos da defensa nacional, que son os relacionados coa paz, a seguridade e a defensa e a política militar, dirixidos tanto aos membros das Forzas Armadas como aos que proveñan da sociedade civil e dos diversos ámbitos das administracións públicas, coa finalidade de contribuír á confluencia dos diferentes sectores sociais na tarefa común da defensa nacional.

Igualmente, é preciso ordenar os estudos militares que, de acordo co artigo 49.2 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, poidan ter a consideración de altos estudos da defensa nacional e complementar a capacitación do militar para o exercicio profesional do asesoramento e a alta dirección nos órganos superiores e directivos do Ministerio de Defensa e dos organismos internacionais de seguridade e defensa de que España forma parte.

Por outro lado, dentro do ámbito destas ensinanzas, en especial nos altos estudos da defensa nacional, non se debe obviar a investigación, que constitúe un elemento clave na

sociedade do coñecemento e forma parte integral da educación superior e, por conseguinte, debe ser así considerada no ámbito do Ministerio de Defensa.

A formación de investigadores é un elemento clave dunha sociedade baseada no coñecemento. O recoñecemento social das capacidades adquiridas nesta etapa formativa, a necesidade de incrementar substancialmente o número de persoas con competencia en investigación e innovación e o impulso á súa influencia e emprego, tanto dentro como fóra dos ámbitos académicos, é un dos principais desafíos do ensino nas Forzas Armadas españolas.

Así mesmo, a experiencia acumulada nos catro anos que leva implantado o novo modelo no ensino de formación aconsella modificar o Regulamento de ingreso e promoción e de ordenación do ensino de formación nas Forzas Armadas, aprobado polo Real decreto 35/2010, do 15 de xaneiro, para pasar do concepto de superar dous plans de estudos, o de formación militar xeral, específica e de especialidade fundamental, e o correspondente a titulacións do sistema educativo xeral para acceder ás escalas de oficiais ou de suboficiais dos corpos xerais e infantaría de mariña, ao concepto de superar un único plan de estudos no cal se integren as ensinanzas correspondentes á formación militar xeral, específica e de especialidade fundamental, e as propias das titulacións do sistema educativo xeral, eliminando o concepto de materias duais, sen que iso supoña cambios a nivel organizativo no ensino de formación nin aumento, en ningún caso, nos custos de persoal.

Sobre este real decreto emitiron informe o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte e o Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade.

Así mesmo, durante a súa tramitación, sobre este proxecto emitiron informe as asociacións profesionais con representación no Consello de Persoal das Forzas Armadas, conforme o artigo 40.2.b) da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, de dereitos e deberes dos membros das Forzas Armadas, e deuse coñecemento deste ao resto de asociacións profesionais inscritas no Rexistro de Asociacións Profesionais de Membros das Forzas Armadas, conforme o artigo 40.1.c) da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo. Finalmente, de acordo co establecido no artigo. 49.1.c) da citada lei orgánica, emitiu informe o Consello de Persoal das Forzas Armadas.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Defensa, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 30 de abril de 2015,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Xeneralidades

Artigo 1. *Obxecto.*

A presente disposición ten por obxecto ordenar as ensinanzas de perfeccionamento e de altos estudos da defensa nacional, que proporcionan unha formación continuada e unha permanente actualización de coñecementos ao longo da carreira profesional do militar.

Estas ensinanzas estarán encamiñadas á aprendizaxe e á xestión do coñecemento.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación e competencial.*

1. O disposto no presente real decreto será de aplicación, en todo canto resulte pertinente ao seu réxime xurídico e profesional respectivo, tanto aos profesionais das Forzas Armadas como ao persoal doutros ámbitos das administracións públicas e da sociedade que cursen as ensinanzas de perfeccionamento e de altos estudos da defensa nacional.

2. Cando nesta norma se utilice a primeira denominación básica dun dos empregos militares relacionados no artigo 21.2 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, entenderase que comprende as específicas do Exército de Terra, da Armada, do Exército do Aire e as dos corpos comúns das Forzas Armadas.

As facultades que se asignan neste real decreto aos xefes de Estado Maior do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire en relación co persoal dos seus respectivos exércitos corresponderán ao subsecretario de Defensa no que respecta ao persoal dos corpos comúns das Forzas Armadas.

3. En relación coas ensinanzas de perfeccionamento e de altos estudos da defensa nacional, o ministro de Defensa, o xefe de Estado Maior da Defensa, o subsecretario de Defensa e os xefes de Estado Maior do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire teñen as facultades que derivan das competencias xenéricas que respectivamente lles atribúen en materia de ensino os artigos 9, 10, 11 e 12 da Lei da carreira militar.

Son tamén autoridades competentes en relación coas ditas ensinanzas, de acordo cos criterios e atribucións que se recollen no presente real decreto, as seguintes:

- a) O director xeral de Recrutamento e Ensino Militar.
- b) O director do Centro Superior de Estudos da Defensa Nacional.
- c) O xefe do Mando de Adestramento e Doutrina do Exército de Terra.
- d) O xefe de Persoal da Armada.
- e) O xefe do Mando de Persoal do Exército do Aire.
- f) O subdirector xeral de Ensino Militar.
- g) O director de Ensino, Instrución, Adestramento e Avaliación do Exército de Terra.
- h) O director de Ensino Naval da Armada.
- i) O director de Ensino do Exército do Aire.

Artigo 3. *Xestión do coñecemento.*

1. Para os efectos deste real decreto, enténdese por xestión do coñecemento o conxunto de accións encamiñadas a compilar, analizar e normalizar as ensinanzas, sexan formativas ou adquiridas por experiencias profesionais, recibidas polos militares, co obxectivo de difundilas entre as unidades, centros ou organismos das Forzas Armadas ás cales lles sexan de aplicación práctica, co fin de proporcionar aos seus efectivos as capacidades necesarias para o desenvolvemento das súas actividades de forma máis eficiente.

2. O ministro de Defensa regulará os mecanismos de xestión do coñecemento, determinando os procedementos de normalización e difusión interna en forma de cultura profesional, principios de actuación e métodos de traballo.

Artigo 4. *Definicións.*

Para os efectos deste real decreto, enténdese por:

- a) Aptitude: calidade individual que capacita para o exercicio dunha actividade profesional nunha área concreta en determinados postos do cadro de persoal. Esta habilitación, no ámbito das Forzas Armadas, poderá ter unha limitación temporal.
- b) Certificado: documento que acredita a superación ou a asistencia a determinados cursos, seminarios, xornadas ou ciclos de conferencias.
- c) Curso: conxunto de ensinanzas regradas cun fin concreto.
- d) Cursos militares: os que tratan sobre temas militares e son definidos, creados e impartidos dentro do marco da estrutura docente do Ministerio de Defensa, sen prexuízo de que poidan ter o seu recoñecemento académico no sistema educativo xeral. Poderán ser, pola súa vez:

1.º Cursos específicos: aqueles cuxa finalidade formativa responda ás necesidades seguintes:

As derivadas da preparación da forza para o seu emprego en operacións.

As organizativas propias de cada exército ou corpo común das Forzas Armadas.
As de proporcionar unha especialidade ou aptitude cuxa actividade se desenvolve principalmente no medio de acción propio de cada exército ou corpo común das Forzas Armadas.

2.º Cursos comúns: son aqueles cuxa finalidade responde ás necesidades organizativas das Forzas Armadas no seu conxunto ou da estrutura administrativa do Ministerio de Defensa.

3.º Cursos conxuntos: son aqueles que tratan de temas incluídos na acción conxunta.

e) Currículo: conxunto de obxectivos, competencias, contidos, metodoloxía da aprendizaxe e criterios de avaliación de cada unha das ensinanzas reguladas neste real decreto.

f) Ensino regrado: o que se imparte nos centros da estrutura docente do Ministerio de Defensa ou en universidades, centros de formación profesional e institucións educativas, civís e militares, nacionais ou estranxeiras, cos cales se acordase a súa colaboración mediante o correspondente convenio, de forma presencial, a distancia ou semipresencial, de acordo cun currículo.

g) Especialidade complementaria: a que faculta para alcanzar un maior grao de especialización no campo de actividade da especialidade fundamental que se viñese exercendo ou para atender as necesidades da organización militar e o exercicio profesional en determinados postos orgánicos.

h) Materiais curriculares: instrumentos e medios elaborados cunha intención didáctica, que se orientan á planificación e desenvolvemento do currículo. Os materiais curriculares poden estar dirixidos ao profesorado ou aos alumnos e inclúen propostas relativas ao ensino de determinadas materias ou áreas, materiais para o desenvolvemento de unidades didácticas, libros de texto e medios audiovisuais e informáticos de carácter didáctico.

i) Perfil: é o conxunto de competencias e capacidades que identifican a formación dun militar para asumir en condicións óptimas as responsabilidades propias das funcións que lle poidan corresponder.

1.º Perfil de egreso: conxunto de competencias e capacidades definidas que deben reunir os alumnos ao concluír o programa formativo.

2.º Perfil de ingreso: conxunto de competencias e capacidades definidas que deben reunir os alumnos de novo ingreso no programa formativo para o bo desenvolvemento deste.

j) Plan de estudos: deseño curricular que se aplica a determinadas ensinanzas impartidas por un centro de estudos. Deberá conter os logros, as competencias e os coñecementos que os alumnos deben alcanzar en cada área e grao; os contidos, temas e problemas de cada área; a metodoloxía que se aplicará en cada área e os indicadores de desempeño e as metas de calidade.

k) Seminarios, xornadas ou ciclo de conferencias: actividades docentes en que mediante o traballo en común de expertos e concorrentes se afonda no coñecemento dalgunha disciplina.

l) Título ou diploma: documento que acredita a superación de determinados cursos e constitúe, se é o caso, o testemuño ou instrumento que proporciona unha aptitude.

Artigo 5. *Principios xerais.*

1. Só se impartirán cursos que respondan a unha necesidade da organización ou a intereses da defensa nacional, que quedarán definidos no currículo correspondente.

2. As ensinanzas militares integradas no sistema educativo xeral ou aquelas de índole civil que sexan de interese para as Forzas Armadas proporcionarán, con carácter xeral, titulacións oficiais con validez en todo o territorio nacional.

3. A xestión das ensinanzas oficiais de posgrao que non teñan carácter estritamente militar levaranse a cabo preferentemente a través do sistema de centros universitarios da defensa e do Centro Superior de Estudos da Defensa Nacional, así como mediante o establecemento de colaboracións con universidades e outras corporacións públicas e privadas.

4. Por cada curso militar elaborárase un currículo que conterá, ao menos, o plan de estudos cuxos obxectivos se determinarán en termos de resultados de aprendizaxe ou competencias que garantan que o alumno adquiriu o perfil de egreso requirido.

Cada curso validarase con respecto aos seus obxectivos e estará suxeito ao correspondente proceso de avaliación.

5. O Ministerio de Defensa promoverá co Ministerio de Educación, Cultura e Deporte as medidas necesarias que permitan:

- a) A autorización para impartir as ensinanzas da formación profesional do sistema educativo xeral nos centros docentes militares.
- b) O recoñecemento oficial das titulacións militares.
- c) A autorización para impartir módulos profesionais de ciclos formativos de formación profesional en oferta parcial.

6. Potenciarase a modalidade de ensino a distancia e facilitarase aos alumnos os medios e o tempo necesario para atender os requirimentos deste tipo de ensinanzas.

7. Só se anotarán no expediente académico como cursos os realizados no ámbito das ensinanzas de perfeccionamento e dos altos estudos da defensa nacional que se axusten aos criterios establecidos neste real decreto.

8. Na xestión das ensinanzas procurarase a efectividade do principio de igualdade entre mulleres e homes.

Artigo 6. *Carga de traballo.*

1. Nos plans de estudos dos cursos militares empregaranse as seguintes unidades de medida:

a) No ensino de oficiais, o haber académico que representa o cumprimento dos obxectivos previstos nos plans de estudos medirase en créditos europeos (ECTS), tal e como se definen no artigo 21 do Regulamento de ingreso e promoción e de ordenación do ensino de formación nas Forzas Armadas, aprobado polo Real decreto 35/2010, do 15 de xaneiro.

b) No ensino de suboficiais e de tropa e mariñeiría, o haber académico que representa o cumprimento dos obxectivos previstos nos plans de estudos medirase en horas, nos mesmos termos que se establece no artigo 21 do Regulamento de ingreso e promoción e de ordenación do ensino de formación nas Forzas Armadas.

2. Cando os plans de estudos inclúan a materia ou os períodos de instrución e adestramento continuado no campo, no mar ou no aire, estes computaranse en días e semanas e non poderán superar os 2,2 ECTS/semanais ou as 35 horas semanais segundo corresponda.

3. Os seminarios, xornadas e ciclos de conferencia computaranse en horas.

Artigo 7. *Recoñecemento de créditos ou validacións de módulos, materias e disciplinas.*

Con carácter xeral, no ámbito do Ministerio de Defensa efectuarase o recoñecemento de créditos ou validacións dos módulos, materias e disciplinas cursadas no sistema educativo xeral ou no ensino nas Forzas Armadas, e daquelas similares en contidos e créditos.

O ministro de Defensa determinará mediante orde os órganos competentes para efectuar recoñecementos e validacións, así como o procedemento que deben seguir e os criterios a que se deben axustar.

Artigo 8. *Directrices xerais para a elaboración dos currículos e materiais curriculares.*

O ministro de Defensa establecerá:

1. As directrices xerais para a elaboración dos currículos das ensinanzas de perfeccionamento e dos altos estudos da defensa nacional.
2. O deseño e desenvolvemento dos materiais curriculares.
3. O procedemento para aprobar e avaliar os distintos cursos e validar as súas ensinanzas.
4. As normas xerais polas cales se rexerán as convocatorias e a impartición das ditas ensinanzas.

Artigo 9. *Selección dos alumnos.*

1. A selección dos alumnos militares para asistir aos cursos de perfeccionamento e de altos estudos da defensa nacional farase a través dos sistemas de concurso ou concurso-oposición.

Os asistentes aos cursos de actualización para o ascenso aos empregos de comandante e brigada designaranse por orde de escalafón.

2. Cando necesidades da organización o aconsellen e tendo en conta as cualificacións do persoal en relación co perfil de egreso requirido, tamén se poderán designar alumnos de forma directa.

3. Cando se trate de cursos que se correspondan con titulacións oficiais do sistema educativo xeral, os alumnos deberán tamén cumprir para a súa selección ou designación os requisitos exixidos para cada titulación na normativa vixente ao respecto.

4. Aos cursos específicos de cada exército ou corpo común das Forzas Armadas poderán asistir como alumnos militares pertencentes a outros exércitos ou corpos.

Artigo 10. *Colaboración con institucións e centros educativos.*

A colaboración con institucións e centros educativos a que se refire o artigo 55 da Lei da carreira militar efectuarase de maneira preferente a través dos centros universitarios da defensa e dos centros docentes militares autorizados para impartir ensinanzas de formación profesional.

Artigo 11. *Rexistro de centros, cursos e títulos.*

No ámbito da Subsecretaría de Defensa existirá un rexistro de centros, cursos e títulos. O ministro de Defensa regulará o seu réxime, organización e funcionamento, que deberá considerar a necesidade de que este sexa atendido cos recursos humanos e materiais dispoñibles no Ministerio de Defensa.

O Rexistro deberá ser accesible a través da intranet do Ministerio de Defensa.

CAPÍTULO II

Do ensino de perfeccionamento

Artigo 12. *Finalidade.*

O ensino de perfeccionamento ten como finalidade preparar o militar profesional para a obtención de especialidades, tanto as que complementan a formación inicial no campo da especialidade fundamental que vén exercendo como as que permiten adaptar ou reorientar o seu perfil profesional para cumprir tarefas noutros campos de actividade, e a de actualizar ou ampliar os coñecementos para o desempeño das súas funcións. Incluirá títulos do sistema educativo xeral e militar.

Artigo 13. *Estrutura.*

1. O ensino de perfeccionamento desenvólvese en cursos e en seminarios, xornadas e ciclos de conferencias.
2. Os cursos, pola súa vez, clasifícanse:
 - a) Pola súa finalidade, en cursos de especialización, cursos de actualización para o ascenso e cursos informativos.
 - b) Polo órgano que expide o título, diploma ou certificado, en cursos do sistema educativo xeral e cursos militares.
 - c) Pola escala a que pertencen os asistentes, en cursos de oficiais, cursos de suboficiais, cursos de tropa e mariñeiría, e cursos indistintos.
 - d) Polo ámbito das capacidades que se adquiren, en cursos específicos do Exército de Terra, da Armada, do Exército do Aire e dos corpos comúns das Forzas Armadas, cursos comúns e cursos conxuntos.
3. O ministro de Defensa determinará mediante orde os centros docentes onde se impartirá o ensino de perfeccionamento, por proposta das seguintes autoridades:
 - a) O xefe de Estado Maior da Defensa, para os cursos conxuntos.
 - b) O subsecretario de Defensa, para os cursos comúns e para os cursos específicos dos corpos comúns das Forzas Armadas.
 - c) Os xefes de Estado Maior do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire, para os cursos específicos do seu respectivo exército.

As propostas atenderán, en todo caso, a criterios de economía de medios e á relación de custo-eficacia.

Artigo 14. *Cursos de especialización.*

1. Os cursos de especialización teñen por finalidade facultar para ocupar postos no ámbito do Ministerio de Defensa que requiren unha cualificación determinada e proporcionan unha especialidade complementaria, unha aptitude ou unha nova especialidade que permita reorientar a carreira do militar.
2. Os cursos que teñan como obxecto perfeccionarse nos campos de actividade que viñesen exercendo e obter unha especialidade complementaria ou unha aptitude desenvolveranse ao longo da carreira profesional do militar, preferentemente nos dous primeiros empregos de cada escala.
3. Os cursos que teñan como obxecto a obtención dunha nova especialidade que permita ao militar adaptar ou reorientar a súa carreira desenvolveranse preferentemente no terceiro emprego de cada escala.
4. A duración dos cursos de especialización non superará, como norma xeral, os 120 ECTS ou as 1000 horas, segundo corresponda.
5. Nos cursos orientados á obtención dunha nova especialidade procurarase que o ensino presencial non exceda un terzo do total da súa duración.
6. A superación dos cursos acreditarase mediante o correspondente título ou diploma.
7. A aprobación dos perfís de egreso corresponde ás seguintes autoridades:
 - a) Ao xefe de Estado Maior da Defensa, os dos cursos conxuntos.
 - b) Ao subsecretario de Defensa, os dos cursos comúns e os cursos específicos dos corpos comúns das Forzas Armadas.
 - c) Aos xefes de Estado Maior do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire, os dos cursos específicos do seu respectivo exército, atendendo ás directrices que ditase, se é o caso, o xefe de Estado Maior da Defensa para orientar a preparación da Forza.
8. A determinación dos cursos do sistema educativo xeral adecuados para alcanzar as competencias requiridas, a aprobación dos currículos dos cursos militares e o

establecemento dos requisitos de acceso aos cursos de especialización corresponde ás seguintes autoridades:

a) Ao director xeral de Recrutamento e Ensino Militar, respecto dos cursos comúns, os cursos específicos dos corpos comúns das Forzas Armadas e os cursos conxuntos, por proposta neste último caso do director do Centro Superior de Estudos da Defensa Nacional.

b) Ao xefe do Mando de Adestramento e Doutrina do Exército de Terra, ao xefe de Persoal da Armada e ao xefe do Mando de Persoal do Exército do Aire, no concernente aos cursos específicos do seu respectivo exército.

A xestión das correspondentes convocatorias, nas cales se recollerán os custos individualizados do curso para efectos de resarcimento e as causas que poderían motivalo, corresponde ás seguintes autoridades:

a) Ao subdirector xeral de Ensino Militar, respecto dos cursos conxuntos, os cursos comúns e os cursos específicos dos corpos comúns das Forzas Armadas.

b) Aos directores de Ensino do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire, en relación cos cursos específicos do seu respectivo exército.

Artigo 15. *Cursos de actualización para o ascenso.*

1. Os cursos de actualización para o ascenso teñen por finalidade a preparación do militar profesional para o desempeño das funcións de empregos superiores.

2. Os requisitos e procedementos de selección dos alumnos serán os determinados no Regulamento de avaliacións e ascensos na Forzas Armadas e sobre o acceso á condición de militar de carreira dos militares de tropa e mariñeiría, aprobado polo Real decreto 168/2009, do 13 de febreiro.

3. A duración dos cursos de actualización para o ascenso non superará os 48 ECTS, nos cursos de oficiais, ou as 600 horas nos cursos de suboficiais e de tropa e mariñeiría.

4. A superación destes cursos acreditarase mediante un certificado.

5. A aprobación dos perfís de ingreso e egreso, das competencias e dos currículos que poderán incluír unha fase de ensino conxunto definida polo xefe de Estado Maior da Defensa corresponde ás seguintes autoridades:

a) Ao subsecretario de Defensa, respecto dos cursos específicos dos corpos comúns das Forzas Armadas.

b) Aos xefes de Estado Maior do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire, no ámbito do seu respectivo exército.

6. A xestión das correspondentes convocatorias corresponde ás seguintes autoridades:

a) Ao subdirector xeral de Ensino Militar, respecto dos cursos específicos dos corpos comúns das Forzas Armadas.

b) Aos directores de Ensino do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire, en relación cos cursos específicos do seu respectivo exército.

7. Exceptúase do establecido nos dous puntos anteriores o curso de actualización para o desempeño das funcións de oficial xeral, que se rexerá polo establecido no artigo 21 deste real decreto.

Artigo 16. *Cursos informativos.*

1. Os cursos informativos teñen por finalidade a preparación do militar en áreas de interese para as Forzas Armadas.

2. Como norma xeral, a súa duración estará comprendida entre 5 e 20 ECTS, para os cursos de oficiais, e entre 100 e 400 horas para os cursos de suboficiais e de tropa e mariñeira.

3. A superación destes cursos acreditarase mediante un certificado.

4. A aprobación dos perfís de ingreso e egreso e, cando se trate de cursos de carácter militar, a dos currículos, así como a xestión das correspondentes convocatorias, corresponde ás seguintes autoridades:

a) Ao director do Centro Superior de Estudos da Defensa Nacional, respecto dos cursos conxuntos.

b) Ao subdirector xeral de Ensino Militar, respecto dos cursos comúns e dos específicos dos corpos comúns das Forzas Armadas.

c) Aos directores de Ensino do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire, respecto dos cursos específicos do seu respectivo exército.

Artigo 17. *Seminarios, xornadas e ciclos de conferencias.*

1. Os seminarios, xornadas e ciclos de conferencias teñen por finalidade informar o militar e debater sobre temas de actualidade en áreas de interese para as Forzas Armadas.

2. A asistencia a estas actividades docentes acreditarase mediante un certificado e non se anotará no expediente académico.

CAPÍTULO III

Dos altos estudos da defensa nacional

Artigo 18. *Finalidade.*

1. Os altos estudos da defensa nacional son os relacionados coa paz, a seguridade e a defensa e a política militar.

2. Están orientados tanto aos profesionais das Forzas Armadas como aos doutros ámbitos das administracións públicas e da sociedade, e teñen por finalidade:

a) Contribuír á confluencia dos diferentes sectores sociais na tarefa común da defensa nacional.

b) Promover o coñecemento nas Forzas Armadas dos grandes temas das relacións internacionais contemporáneas.

c) Complementar a capacitación do militar para o exercicio profesional nos ámbitos do asesoramento e a alta dirección nos órganos superiores e directivos do Ministerio de Defensa e dos organismos internacionais de seguridade e defensa de que España forma parte.

d) A actualización de coñecementos para o desempeño das funcións dos empregos da categoría de oficiais xenerais.

Artigo 19. *Cursos de altos estudos da defensa nacional.*

1. Para o deseño e a estrutura destes cursos terase en conta a normativa que regula as ensinanzas universitarias de posgrao.

2. Os programas dos cursos que conforman estes estudos deberán incluír talleres organizados de formación investigadora, que non requirirán a súa estruturación en créditos, conterán tanto formación transversal como específica e estarán orientados a desenvolver liñas de investigación consideradas de interese no ámbito das Forzas Armadas e da paz, a seguridade e a defensa.

3. Os perfís de ingreso e egreso serán aprobados polo ministro de Defensa, por proposta do xefe de Estado Maior da Defensa, oído o parecer do subsecretario de Defensa e dos xefes de Estado Maior do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire.

Os currículos, cando se trate de cursos militares, serán aprobados polo xefe de Estado Maior da Defensa, por proposta do director xeral de Recrutamento e Ensino Militar e oído o parecer do director do Centro Superior de Estudos da Defensa Nacional.

4. A superación destes cursos acreditarase mediante título ou diploma e anotarase no expediente académico.

Artigo 20. Cursos militares considerados de altos estudos da defensa nacional.

1. Terán tamén a consideración de altos estudos da defensa nacional os cursos que a continuación se relacionan:

- a) Curso de actualización para o desempeño das funcións de oficial xeneral.
- b) Curso para a obtención do diploma de Estado Maior.

2. Atendendo ás necesidades das Forzas Armadas, facúltase o ministro de Defensa para incluír nesta relación outros cursos militares que se poidan considerar de interese para a defensa nacional.

Artigo 21. Curso de actualización para o desempeño das funcións de oficial xeneral.

1. Este curso ten por finalidade a actualización de coñecementos para o desempeño das funcións dos empregos da categoría de oficiais xenerais. Impartirase na Escola Superior da Forzas Armadas.

2. Os perfís de ingreso e egreso serán aprobados polo ministro de Defensa por proposta do xefe de Estado Maior da Defensa, oído o parecer do subsecretario de Defensa e dos xefes de Estado Maior do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire.

O currículo será aprobado polo xefe de Estado Maior da Defensa, por proposta do director xeral de Recrutamento e Ensino Militar e oído o parecer do director do Centro Superior de Estudos da Defensa Nacional.

Corresponderá ao director xeral de Recrutamento e Ensino Militar a xestión das correspondentes convocatorias.

3. A superación do curso anotarase no expediente académico.

Artigo 22. Curso para a obtención do diploma de estado Maior.

1. O curso para a obtención do diploma de Estado Maior ten por finalidade complementar a capacitación do militar de carreira para o desempeño das funcións de asesoramento e apoio á alta dirección nos órganos superiores e directivos do Ministerio de Defensa e dos organismos internacionais de que España forma parte, así como dos estados maiores específicos, conxuntos e combinados. Impartirase na Escola Superior das Forzas Armadas.

2. Na medida do posible, o programa deste curso incluírá talleres organizados de formación investigadora que non requirirán a súa estruturación en créditos, conterán tanto formación transversal como específica e estarán orientados a desenvolver liñas de investigación consideradas de interese no ámbito das Forzas Armadas e da paz, da seguridade e da defensa.

3. Terá unha duración igual ou superior a 60 ECTS. As súas ensinanzas terán un carácter eminentemente conxunto, a súa estrutura e funcións serán as establecidas no correspondente plan de estudos.

4. A superación deste curso acreditarase mediante un diploma e anotarase no expediente académico.

5. Os perfís de ingreso e egreso e o procedemento de acceso serán aprobados polo ministro de Defensa por proposta do xefe de Estado Maior da Defensa, oído o parecer do subsecretario de Defensa e dos xefes de Estado Maior do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire.

O currículo será aprobado polo xefe de Estado Maior da Defensa, por proposta do director xeral de Recrutamento e Ensino Militar e oído o parecer do director do Centro Superior de Estudos da Defensa Nacional.

Corresponderalle ao director xeral de Recrutamento e Ensino Militar xestionar as súas convocatorias, nas cales necesariamente se deberán recoller os custos individualizados do curso para efectos de resarcimento e as causas que poderían motivalo.

Disposición adicional primeira. *Estudos no estranxeiro.*

1. Os militares profesionais españois poderán cursar ensinanzas en centros docentes civís ou militares noutros países de acordo cos tratados ou convenios internacionais subscritos por España ou como consecuencia dunha invitación específica, logo de conformidade outorgada por unha das autoridades que se indican no artigo 2.4.

2. As autoridades que resulten competentes de acordo co establecido no punto anterior determinarán os efectos da superación dos cursos e realizarán a selección do persoal para asistir a estes, e remitirán o acordo de designación á Dirección Xeral de Recrutamento e Ensino Militar para a súa publicación no Boletín Oficial do Ministerio de Defensa.

3. Os estudos no estranxeiro que respondan ao previsto nesta disposición adicional primeira anotaranse no expediente académico do interesado, de acordo co previsto no artigo 5.7.

Disposición adicional segunda. *Especialidades complementarias do corpo militar de sanidade.*

1. As especialidades complementarias das especialidades fundamentais do corpo militar de sanidade poderán obterse mediante o recoñecemento polo Ministerio de Defensa das titulacións proporcionadas polo sistema educativo xeral ou cursando as correspondentes ensinanzas na estrutura docente do Ministerio de Defensa que, pola súa equivalencia recoñecida coas do dito sistema educativo, conduzan a un título oficial con efectos en todo o territorio nacional.

Para cursar as especialidades complementarias que se correspondan coas especialidades en Ciencias da Saúde polo sistema de residencia que se relacionan no anexo I do Real decreto 183/2008, do 8 de febreiro, polo que se determinan e clasifican as especialidades en Ciencias da Saúde e se desenvolven determinados aspectos do sistema de formación sanitaria especializada, requirirase que o interesado estea, en todo caso, en posesión do correspondente título oficial de especialista expedido polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, obtido polas vías propias do ámbito civil ou a través dos procedementos convocados periodicamente polo Ministerio de Defensa para a formación de militares especialistas en Ciencias da Saúde, con suxeición ao previsto na Lei 44/2003, do 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias.

2. O Ministerio de Defensa promoverá, perante o Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, a acreditación de centros e unidades docentes para a formación de especialistas en Ciencias da Saúde no ámbito da sanidade militar, con suxeición aos requisitos xerais e específicos de acreditación aprobados polos ministerios de Educación, Cultura e Deporte e Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, ao abeiro do previsto no artigo 26.1 da Lei 44/2003, do 21 de novembro.

3. O ministro de Defensa, de acordo coas necesidades da organización, determinará as especialidades complementarias de cada especialidade fundamental e aprobará o currículo correspondente, así como as materias obxecto de formación continuada.

Cando o currículo formativo se refira a ensinanzas que conduzan á obtención dun título oficial con validez en todo o territorio nacional, o dito currículo determinarase con suxeición ás exixencias derivadas dos currículos formativos, requisitos de verificación ou programas oficiais que resulten de aplicación en cada caso.

Disposición adicional terceira. *Contención do gasto público.*

As actuacións derivadas deste real decreto non poderán supor, en ningún caso, aumento dos custos de persoal.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Regulamento de ingreso e promoción e de ordenación do ensino de formación nas Forzas Armadas, aprobado polo Real decreto 35/2010, do 15 de xaneiro.*

Modifícase o Regulamento de ingreso e promoción e de ordenación do ensino de formación nas Forzas Armadas, aprobado polo Real decreto 35/2010, do 15 de xaneiro, nos termos seguintes:

Un. O artigo 22 queda redactado como segue:

«Artigo 22. *Corpos xerais e de infantaría de mariña.*

1. O ensino de formación para incorporarse ás escalas de oficiais dos corpos xerais e de infantaría de mariña estruturarase, en función dos requisitos de titulación que se exixan para o ingreso, da seguinte forma:

a) Ingresando sen título previo de graduado ou graduada: comprenderá os plans de estudos da formación militar xeral, específica e para a adquisición da especialidade fundamental, e os plans de estudos correspondentes ás titulacións de grao do sistema educativo xeral. O total do ensino integrarase nun currículo único e distribuirase nun máximo de cinco cursos académicos.

b) Ingresando con título previo de graduado ou graduada: comprenderá os plans de estudos correspondentes á formación militar xeral, específica e para a adquisición da especialidade fundamental que, en función da procedencia e tendo en conta as titulacións e validacións que sexan de aplicación, se integrarán nun currículo único e se distribuirán nun máximo de dous cursos académicos.

2. O número máximo de créditos consecuencia da integración, nun currículo único, dos plans de estudos requiridos para incorporarse ás escalas de oficiais dos corpos xerais e de infantaría de mariña, ingresando sen título oficial de graduado ou graduada previo, será de 380 ECTS. Cando se exixan requisitos de titulación previa para o ingreso, o plan de estudos de formación militar xeral, específica e para a adquisición da especialidade fundamental non poderá superar os 152 ECTS.

3. As ensinanzas conducentes á obtención dos títulos oficiais de grao impartiranse nos centros universitarios da defensa creados polo Real decreto 1723/2008, do 24 de outubro, e determinaranse en función das necesidades da defensa nacional e das exixencias do exercicio profesional nas Forzas Armadas.

4. Os títulos oficiais de grao que se acorden no marco do convenio de adscrición con universidades públicas, así como os títulos universitarios que se poidan exixir para ingresar con titulación previa, ademais de garantir as competencias básicas a que se fai referencia no punto 3.2 do anexo I do Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, proporcionarán parte das competencias xerais e específicas requiridas para incorporarse ás escalas de oficiais correspondentes.

Os ditos títulos elixiranse entre aqueles de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, inscritos na sección de títulos do Rexistro de Universidades, Centros e Títulos, regulado polo Real decreto 1509/2008, do 12 de setembro, e adscritos ás ramas de coñecemento de Ciencias e Enxeñaría e Arquitectura, así como á de Ciencias Sociais e Xurídicas, sempre que os títulos estean vinculados coa economía e coa dirección e administración de empresas».

Dous. O artigo 24 queda redactado como segue:

«Artigo 24. *Corpos comúns das Forzas Armadas.*

1. Con carácter xeral, o ensino de formación para incorporarse ás escalas de oficiais dos corpos comúns das Forzas Armadas comprenderá os plans de estudos correspondentes á formación militar xeral, específica, para a adquisición da especialidade fundamental e técnica que complete a formación acreditada cos títulos exixidos para o ingreso. O total das ensinanzas integrarase nun currículo único e distribuirase nun máximo dun curso académico.

2. No caso do ingreso directo ou por promoción sen exixencia de titulación universitaria previa para o acceso á escala de oficiais do corpo militar de sanidade, especialidade fundamental Medicina, o ensino de formación comprenderá os plans de estudos correspondentes á formación militar xeral, específica, técnica e para a adquisición da especialidade fundamental, e o plan de estudos correspondente ao título universitario oficial de graduado ou graduada en Medicina. O total do ensino integrarase nun currículo único e distribuirase nun máximo de seis cursos académicos. Neste caso, será ademais de aplicación o que se dispón nos puntos 3 e 4 do artigo 22 anterior».

Tres. O artigo 25 queda redactado como segue:

«Artigo 25. *Escalas de suboficiais.*

1. O ensino de formación para incorporarse ás escalas de suboficiais estruturarase, en función dos requisitos de titulación que se exixan para o ingreso, da seguinte forma:

a) Corpos xerais e de infantaría de mariña:

1.º Ingresando sen titulación previa de técnico superior: comprenderá os plans de estudos da formación militar xeral, específica e para a adquisición da especialidade fundamental, e os plans de estudos correspondentes para a obtención dun título de técnico superior de formación profesional do sistema educativo xeral. O total do ensino integrarase nun currículo único e distribuirase nun máximo de tres cursos académicos.

2.º Ingresando con titulación previa de técnico superior: comprenderá os plans de estudos correspondente á formación militar xeral, específica e para a adquisición da especialidade fundamental que, en función da procedencia e tendo en conta as titulacións e validacións que sexan de aplicación, se integrarán nun currículo único e se distribuirán ao longo dun só curso académico.

b) Corpo de músicas militares: comprenderá os plans de estudos correspondentes á formación militar xeral, específica e para a adquisición da especialidade fundamental, que se integrarán nun currículo único e se distribuirán ao longo dun só curso académico.

2. Os títulos de técnico superior de formación profesional que se obteñan tras cursar as ensinanzas nos centros docentes militares de formación autorizados polo Ministerio de Educación proporcionarán parte das competencias xerais e específicas requiridas para incorporarse ás escalas de suboficiais correspondentes.

3. Cando a duración do título de técnico superior sexa inferior ás 2200 horas, o número máximo de horas lectivas do plan de estudos requirido para incorporarse ás escalas de suboficiais dos corpos xerais e de infantaría de mariña, ingresando sen titulación previa de técnico superior, será de 3000. En caso contrario, o número máximo de horas lectivas será de 3400. Cando se exixa titulación previa non poderá superar as 1200 horas».

Catro. O artigo 28 queda redactado como segue:

«Artigo 28. *Distribución da carga de traballo.*

No ensino de formación de oficiais e de suboficiais, a carga de traballo que representa a execución dos currículos correspondentes distribuirase conforme os criterios seguintes:

a) A duración máxima dos cursos académicos será de 41 semanas, incluíndo os períodos lectivos, os destinados á avaliación, así como os dedicados a instrución e adestramento. A duración do primeiro curso poderá ampliarse ata as 43, sempre e cando as adicionais se dediquen a instrución e adestramento.

b) O número de semanas destinadas a instrución e adestramento que deberán conter os plans de estudos de formación militar xeral, específica, técnica ou de especialidade fundamental, que permitan incorporarse ou adscribirse ás distintas escalas, será:

1.º Escalas de oficiais dos corpos xerais e de infantaría de mariña, cando para o ingreso non se precise requisito previo de titulación: un mínimo de 30 semanas no global dos plans de estudos, sen contabilizar neste número as dúas semanas correspondentes ao suposto de ampliación a que fai referencia a letra a).

2.º Escalas de oficiais dos corpos xerais e de infantaría de mariña, cando para o ingreso se precise requisito previo de titulación: non será inferior a 6 semanas por curso académico.

3.º Escalas de oficiais dos corpos de Intendencia e de enxeñeiros do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire, dos corpos comúns das Forzas Armadas e de militares de complemento: non será inferior a 4 semanas por curso académico, excepto para a escala de oficiais do corpo militar de sanidade, especialidade fundamental de Medicina, cando se ingresase sen exigencia de titulación universitaria previa, aos cales se aplicará o previsto no punto 1.º

4.º Escalas de suboficiais dos corpos xerais e de infantaría de mariña: non será inferior a 6 semanas por curso académico. Naqueles cursos nos cales se imparta o módulo de formación en centros de traballo correspondente ao título de formación profesional, non será de aplicación o límite inferior establecido.

5.º Escala de suboficiais do corpo de músicas militares: non será inferior a 8 semanas.

c) Nas ensinanzas de oficiais, o número total de ECTS por curso académico non superará os 76 nin os 2,2 semanais.

d) A duración do ensino de suboficiais non excederá as 1.200 horas por curso académico nin as 35 horas lectivas á semana».

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.4.ª da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre defensa e Forzas Armadas.

Disposición derradeira terceira. *Facultades de desenvolvemento.*

Facúltase o ministro de Defensa para ditar cantas disposicións considere necesarias para a execución e o desenvolvemento do presente real decreto.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 30 de abril de 2015.

FELIPE R.

O ministro de Defensa,
PEDRO MORENÉS EULATE